



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

galicia

CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E O CENTRO PEN GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS NO ANO 2017.

En Santiago de Compostela, na sede dos servizos centrais da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,

10 NOV. 2017

REÚNENSE:

Dunha parte, Román Rodríguez González, actuando en representación da Xunta de Galicia, en virtude do seu cargo de Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para o que foi nomeado polo Decreto 15/2015, do 9 de febreiro de 2015, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

Doutra, Luís González Tosar, na súa condición de presidente da Centro Pen Galicia (CIF G15290224), actuando en nome e representación da entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

Ambas as dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante o presente convenio de colaboración e polo tanto,

MANIFESTAN:

Que as dúas entidades son conscientes da necesidade de actuacións de carácter sociocultural que permitan unha adecuada oferta, co obxecto de satisfacer as necesidades en materia cultural.

Que a Xunta de Galicia ten atribuídas funcións en materia de fomento da cultura, de acordo co establecido no artigo 27.19º do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1º.17ª da Constitución Española. Dentro dese ámbito competencial, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria vén desenvolvendo dende anos atrás unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, información e promoción da cultura, para achegar o máximo posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria quere acometer a realización de actividades de promoción e divulgación do patrimonio e da cultura galega; mediante a programación de actuacións de recuperación da nosa cultura preténdese acadar unha maior eficacia na consecución destes obxectivos, por medio do desenvolvemento de actividades culturais e de fomento da cultura en lingua galega.

Con este convenio asegúrase a realización de diversas manifestacións da cultura galega levadas a cabo por entidades que a queren dar a coñecer, mediante a súa promoción dentro é fora do noso país, coa organización de actividades que permitan un maior coñecemento dela.

O Centro Pen Galicia, é unha entidade sen ánimo de lucro que vén desenvolvendo un conxunto de actividades para a promoción e difusión do libro e a lectura e, por extensión da cultura en galego. Cómpre salientar que o Centro Pen Galicia está composto por escritores e escritoras en lingua galega,





contando entre os seus membros cos autores e autoras máis representativos e de maior prestixio da nosa comunidade.

Para o cumprimento destes fins o Centro Pen Galicia conta coa seguinte programación no ano 2017: Homenaxe ao poeta Víctor Campio Pereira en Ourense baixo o título “O aire, a luz e o canto”; Premio PEN-Galicia, “Voz de Liberdade” na súa VIII edición.

De acordo coa planificación estratéxica realizada pola Secretaría Xeral de Cultura, para o ano 2017, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro dos previstos neste plan, nos que non é posible promover a concorrência, polas especiais características da entidade coa que se convenia.

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes, que teñen intereses coincidentes, é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- É obxecto deste convenio a colaboración co Centro Pen Galicia para o mantemento da entidade e a realización de distintas actividades de promoción do libro e da lectura entre as que están:

1. Homenaxe ao poeta Víctor Campio Pereira, en Ourense.

A organización do acto literario arredor da figura e da obra do escritor ourensán realizarase conxuntamente co Ateneo de Ourense e baixo o título “O aire, a luz e o canto”.

Esta actividade terá lugar no Centro Cultural Marcos Valcárcel o vindeiro 19 de novembro de 2017.

2. VIII edición Premio Pen-Galicia, “Voz de Liberdade”. Este galardón, de carácter bianual está dirixido a un escritor/a galego/a que teña destacado na defensa da liberdade de expresión.

O premio non ten dotación económica, a persoa galardoada recibirá unha peza escultórica de agasallo e será convidada pola organización, a cal asume os gastos de desprazamento, gastos de difusión do evento (programas, carteis, plotters e videos) así como unha actuación musical no transcurso dun acto literario que terá lugar na segunda quincena de novembro de 2017.

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterio obxectivos, así coma o interese social das mesmas, xa que é o Centro Pen Galicia o único que pode desenvolver as devanditas actividades na nosa comunidade autónoma.

Por iso e de acordo coa planificación estratéxica realizada pola Secretaría Xeral de Cultura, para o ano 2017, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro dos previstos nese plan.

SEGUNDA.- O Centro Pen Galicia comprométese, pola súa parte, a facer constar en toda a publicidade que xeren estas actividades –tanto impresa como audiovisual- a colaboración da Xunta de Galicia, para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia. Así mesmo, comprométese ao





cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 desta norma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en canto non se opoña á lexislación anterior. Con carácter supletorio, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

O beneficiario ten a obriga de prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.

TERCEIRA.- A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria comprométese a aboar a cantidade de 15.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 10.20.432B.781.1, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, código de proxecto 201500372.

As notificacións practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de Notificación Electrónica de Galicia-Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

No caso de que o Centro Pen Galicia solicite pagamentos anticipados según o disposto no artigo 63.1.2 do Regulamento de subvencións de Galicia, poderán concederse anticipos ata o 50 % do importe da subvención concedida, que neste caso será de 7.500,00 € como máximo. Neste caso o Centro Pen Galicia, deberá presentar unha memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar co custo das actividades.

Segundo o disposto no artigo 63 do Regulamento de Subvencións de Galicia, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria poderá realizar pagamentos a conta, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións relacionadas co obxecto deste convenio. A cantidade máxima que se realizará como pago a conta será de 12.000 €. O pagamento restante, 3.000 €, non se realizará ata que estean integramente xustificadas a totalidade dos gastos correspondentes á actividade subvencionada.

O artigo 65.1 do Regulamento de subvencións de Galicia establece que os beneficiarios están obrigados á constitución de garantías cando se prevexa a posibilidade de realizar pagamentos a conta ou anticipados; o artigo 65.4.i) recolle que quedarán exonerados da constitución de garantía os beneficiarios das subvencións concedidas cando os pagamentos non superen os 18.000 €.

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007. A data tope de presentación da documentación xustificativa da actividade e, se fora o caso, da xustificación dos gastos que restasen por aboar ata acadar o 100% da contía concedida é o 15 de decembro de 2017.





O Centro Pen Galicia presentará a xustificación da subvención dentro do prazo, electronicamente, na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadán> e incluírá a seguinte documentación:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións obxecto deste convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas que conterá:
 - Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acreedor, do importe, data de emisión e data de pagamento.
 - As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento.
 - Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia. (Anexo II do convenio).

A presentación desta información é requisito imprescindible para a tramitación do pagamento, devolvendo toda a xustificación que non o cumpra.

Para que a consellería poida realizar os libramentos, o Centro Pen Galicia deberá achegar unha declaración responsable de titularidade de conta bancaria (Anexo III do convenio).

En todo o relativo aos gastos subvencionables deberá cumprirse o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (modificado pola Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas).

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, para efectos desta xustificación consideraranse os gastos realizados durante o ano 2017, dende o 1 de xaneiro ata a data tope de xustificación da axuda, que respondan á natureza da actividade subvencionada.

No caso de que o Centro Pen Galicia non xustifique ou a xustificación sexa insuficiente, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento de subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Cando a actividade fose financiada ademais de con esta subvención con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada. En caso de superar procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada así como a esixencia do xuro de demora correspondente.

CUARTA.- O Centro Pen Galicia deberá presentar declaración responsable, para proceder á sinatura do convenio e para o seu pagamento, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, segundo o establecido no artigo 10 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no artigo 11 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia. (Anexo I do convenio)

QUINTA.- O Centro Pen Galicia comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria poderá comprobar, cando o considere pertinente, a execución das actividades obxecto deste convenio.





SEXTA.- Créase unha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución deste convenio, formada polo secretario xeral de Cultura, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e polo presidente do Centro Pen Galicia.

SÉTIMA.- O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederá o reintegro da subvención cando concorran algunhas das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

OITAVA.- As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, o Centro Pen Galicia, acepta e consente a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no decreto 126/2006, do 20 de xullo e no decreto 132/2006, do 27 de xullo.

NOVENA.- Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

DÉCIMA.- As partes comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio.

O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2017, sen prexuízo de que se subvencionen as actividades realizadas dende o 1 de xaneiro de 2017.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en todas as estipulacións. Esténdese en duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

O conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria

O presidente do Centro Pen Galicia

Román Rodríguez González

Luís González Tosar



33277719P LUIS
EUGENIO
GONZALEZ (R:
G15290224)

Firmado digitalmente por
33277719P LUIS EUGENIO
GONZALEZ (R: G15290224)
Fecha: 2017.11.09 15:02:15
+01'00'